

Libro de tarifas

de comisi3ns, condici3ns
e gastos repercutibles
a clientes

Índice

EPÍGRAFE 0.

CONDICIÓN XERAIS: Tarifas de comisións, condicións e gastos repercutibles a clientes en operacións en moeda nacional no mercado interior

EPÍGRAFE 1.

COBRO E RECLAMACIÓN DE EFECTOS (Tomados en negociación, xestión de cobro ou para compensar)

EPÍGRAFE 2.

DEVOLUCIÓN DE EFECTOS COMERCIAIS FALTOS DE PAGAMENTO OU RECLAMADOS (Tomados en negociación, xestión de cobro ou para a súa compensación)

EPÍGRAFE 3.

NEGOCIACIÓN E DEVOLUCIÓN DE CHEQUES

EPÍGRAFE 4. SEN CONTIDO

EPÍGRAFE 5.

SERVIZOS DE PAGAMENTO: ORDES DAS ENTIDADES EMISORAS PARA CARGO DE DOMICILIACIÓN, CESIÓN DE RECIBOS E TRIBUTOS DOMICILIADOS E DEVOLUCIÓN (Tomados para cobro ou compensación)

(Contén tarifas de comisións por servizos de pagamento, polo que non están suxeitas á verificación do banco de españa)

EPÍGRAFE 6.

SERVIZOS DE PAGAMENTO: NÓMINAS, TRANSFERENCIAS E OUTRAS ORDES DE PAGAMENTO

(Contén tarifas de comisións por servizos de pagamento, polo que non están suxeitas á verificación do banco de españa)

EPÍGRAFE 7.

SERVIZOS DE PAGAMENTO: CONTAS CORRENTES E DE AFORRO

(Contén tarifas de comisións por servizos de pagamento, polo que non están suxeitas á verificación do banco de españa)

EPÍGRAFE 8.

SEN CONTIDO

EPÍGRAFE 9.

SERVIZOS DE PAGAMENTO: TARXETAS E UTILIZACIÓN DE CAIXEIROS

(Contén tarifas de comisións por servizos de pagamento, polo que non están suxeitas á verificación do banco de españa)

EPÍGRAFE 10. SEN CONTIDO

EPÍGRAFE 11. SEN CONTIDO

EPÍGRAFE 12. SEN CONTIDO

EPÍGRAFE 13.

SERVIZOS PRESTADOS DIVERSOS

EPÍGRAFE 14.

AVAIS E OUTRAS GARANTÍAS

EPÍGRAFE 15.

CRÉDITOS E EMPRÉSTITOS, EFECTOS FINANCEIROS, DESCUBERTOS EN CONTA CORRENTE, EXCEDIDOS EN CONTAS DE CRÉDITO E ANCIPIOS SOBRE EFECTOS

EPÍGRAFE 16. SEN CONTIDO

EPÍGRAFE 17.

DEPÓSITOS A PRAZO

EPÍGRAFE 18. SEN CONTIDO

EPÍGRAFE 19. SEN CONTIDO

EPÍGRAFE 20. SEN CONTIDO

EPÍGRAFE 21. SEN CONTIDO

EPÍGRAFE 22.

BANCA A DISTANCIA

OPERACIONES DE EXTRANJERO

EPÍGRAFE 50.

CONDICIÓNS XERAIS: Tarifas máximas de comisións, condicións e gastos de operacións en moeda estranxeira e en

operacións en moeda nacional derivadas de transaccións co exterior, aplicables a clientes en España

EPÍGRAFE 51. SEN CONTIDO

EPÍGRAFE 52. SEN CONTIDO

EPÍGRAFE 53. SEN CONTIDO

EPÍGRAFE 54. EXPORTACIÓ

EPÍGRAFE 55. SEN CONTIDO

EPÍGRAFE 56. SEN CONTIDO

EPÍGRAFE 57. SEN CONTIDO

EPÍGRAFE 58.

SERVIZOS DE PAGAMENTO: TRANSFERENCIAS DE FONDOS CO EXTERIOR

(Contén tarifas de comisións por servizos de pagamento, polo que non están suxeitas á verificación do banco de España)

EPÍGRAFE 59.

TRANSFERENCIAS EN MOEDA ESTRANXEIRA NO MERCADO NACIONAL

(Contén tarifas de comisións por servizos de pagamento, polo que non están suxeitas á verificación do banco de España)

epígrafe 0

CONDICIÓNS XERAIS

1 / ÁMBITO DE APLICACIÓN

Estas Tarifas son de aplicación xeral por Triodos Bank a todos os seus clientes, empresas ou particulares, agás nas operacións interbancarias directas realizadas con bancos, caixas de aforro confederadas, caixas rurais e cooperativas de crédito inscritas no Banco de España, nas que serán aplicadas as Tarifas correspondentes.

Estas Tarifas derívanse das operacións realizadas en euros no mercado interior. As tarifas derivadas das operacións realizadas en euros no mercado exterior quedan recollidas nos epígrafes de «Tarifas máximas de comisións, condicións e gastos en operacións en moeda estranxeira e en operacións en moeda nacional derivadas de transaccións co exterior, aplicables a clientes en España».

Todas as condicións e comisións que se reflicten nestas Tarifas teñen o carácter de máximas, podendo o Banco aplicar mellores condicións, en función da calidade e do volume de contratación de cada cliente.

Nas operacións ou servizos solicitados polos nosos clientes non contemplados nestas Tarifas, que se realizaren con carácter excepcional ou singular, serán establecidas, en cada caso, as condicións aplicables.

2 / GASTOS

Para España, nas comunicacións e no envío da documentación correspondente ás operacións que se expresan en cada epígrafe das Tarifas, aplicaranse as Tarifas Oficiais Postais e de Comunicacións. No caso de se orixinar envío de correo ao estranxeiro, cobraranse os gastos correspondentes ás tarifas postais internacionais vixentes en cada momento.

No caso de utilizar sistemas privados de distribución/mensaxería, serán repercutidos os gastos xerados, sempre que se utilizaren por solicitude do cliente. Igualmente serán cargados ao cliente ou ordenante os gastos de Télex, Fax, Impostos, Timbres e as comisións e gastos do correspondente, de os haber.

3 / OUTROS GASTOS

Os gastos de intervención de fedatario público, de escrituras e calquera outro concepto de carácter externo xustificado serán repercutidos integramente ao cliente.

4 / IMPOSTOS

Serán cargados a cada titular todos os impostos presentes e futuros que puideren resultar derivados do cobramento das comisións e das operacións contempladas nas Tarifas.

epígrafe 1

COBRO E RECLAMACIÓN DE EFECTOS
(Tomados en negociación, xestión de cobro ou para a súa compensación).

ESPECIFICACIÓN	COMISIÓN	
	% sobre nominal do efecto	Mínimo por efecto
1. Negociación ou desconto de efectos (Notas 7.^a e 10.^a)		
1.1- Efectos domiciliados aceptados	0,5	7,50 €
1.2- Efectos domiciliados sen aceptar	1	7,50 €
1.3- Efectos non domiciliados	1,5	12 €
2. Efectos en xestión de cobro ou para compensar (Notas 3.^a, 7.^a e 10.^a)		
2.1- Efectos domiciliados aceptados	0,5	15,03 €
2.1.1- En certificacións de obra, subministracións ou servizos, cando se efectúe a xestión da toma de razón	0,1	15,03 €
2.2- Efectos domiciliados sen aceptar	1	15,03 €
2.3- Efectos non domiciliados	1,5	15,03 €
3. Incidencias de Carteira (por cada incidencia) (Nota 4.^a)		15,00 €
4. Orde de efecto non truncable (á petición do cliente) (Nota 1.^a)	0,1	7,50 €
5. Gastos de estudo en liñas de desconto / por liña estudada (Nota 12.^a)	1,5	150,25 €
6. Xestión de aceptación de Efectos (ordenada polo cedente con carácter específico) (Nota 8.^a e 13.^a)		12,02 € per efecto
7. Timbrado de documentos (Notas 11.^a e 13.^a)		0,15 € per document
8. Excedido de risco remesa negociada (sobre o importe excedido)	1	3,00 €

NOTA 1ª

Segundo a Circular 8/1990 do Banco de España, norma 3.ª, punto 8, especificase que, «para o cobro de documentos en Carteira, entenderase por domiciliación bancaria a indicación de que o seu pagamento terá que facerse con cargo a unha conta aberta nunha Entidade de Depósito. Para isto atenderase ao disposto na Lei 19/1985, do Cambio e do Cheque, sobre domiciliación de letras de cambio que, para os efectos desta Circular, será aplicable a calquera documento de cobro». Para os efectos desta Tarifa, considéranse:

A) Efectos domiciliados aceptados.

Son aqueles que, reunindo os requisitos de domiciliación segundo se definen na letra B) seguinte, contén, ademais, coa aceptación ou sinatura do librado, precisamente no lugar reservado á aceptación, ou en calquera outro lugar do propio documento.

B) Efectos domiciliados non aceptados.

Son aqueles que, no momento da súa cesión, teñan designado para o seu pagamento, no lugar reservado no corpo do título para a domiciliación, o nome dunha Entidade de Depósito, Oficina desta e número ou código de conta no que deberá ser endebedado o importe do Efecto, sen contar coa aceptación do librado. Por tanto, os Efectos con simples «indicacións» ou mencións de «último tedor», «presentarse no Banco/Caixa», «Banco/Caixa recomendado/a» ou equivalentes, non se considerarán domiciliados.

C) Efectos non truncables.

Son aqueles nos que será requirida a súa presentación física ao librado por orde expresa do cedente.

NOTA 2ª.

Para os efectos desta Tarifa, os recibos ou documentos análogos (facturas-recibos e

albarás de cobro, certificacións por execución de obras, subministracións ou servizos) que correspondan a transaccións comerciais ou vendas adiadas, así como as obrigas de pagamento, terán a consideración de letras de cambio, excepto as obrigas de pagamento en conta corrente xa tarifadas no epígrafe 3.

NOTA 3ª.

Considerarase incluído no punto 2.1 deste Epígrafe, para os efectos da aplicación de comisións e gastos, o cobro de certificacións por execución de obras, subministracións ou servizos, lotería premiada e quinielas, agás as certificacións por execución de obras, subministracións ou servizos non domiciliados, que se aplicará ás comisións e gastos previstos no punto 2.3.

En certificacións de obra, subministracións ou servizos, cando se efectúe a xestión de toma de razón, cobrarase por este servizo. A comisión será percibida no momento da xestión, ou coa liquidación dos gastos de negociación, ou de xestión de cobro.

NOTA 4ª.

Por cada incidencia de Carteira será percibida a comisión por efecto sinalada. Serán consideradas incidencias de Carteira calquera modificación (agás a modificación do vencemento ou data de pagamento, á que será aplicado o indicado na Nota 10.ª) sobre o estado e os datos do Efecto ao entrar na Carteira para negociación ou xestión de cobro, ordenada polo cedente.

Esta comisión será percibida na mesma data na que sexa executada esta orde, máis os xuros correspondentes, no caso de ampliación do prazo.

NOTA 5ª.

Cando o vencemento sinalado no efecto coincidir con día festivo, de conformidade

coa Lei do Cambio e do Cheque, enténdese como vencemento o primeiro día hábil seguinte.

NOTA 6ª.

De ser substituída a cesión de efectos ou xiros para o seu cobro polo sistema de entrega de soportes magnéticos ou telemáticos, coas características técnicas e o respaldo documental normalizados, poderá ser reducida a comisión de cobro.

NOTA 7ª.

Efectos con trámites especiais:

a) Os efectos que, amparados no artigo 6.º da Lei do Cambio e do Cheque, xeraren xuros ao cargo do librado, serán liquidados na súa entrada ou negociación, polo seu nominal, consonte a este Epígrafe 1. Unha vez efectuado o cobro, a Entidade cobradora aboará os xuros a Triodos Bank, para seren aboados ao cedente deducindo a comisión de transferencias correspondente ao Epígrafe 6.

b) Nos efectos nos que, ao abeiro do artigo 44 da Lei do Cambio e do Cheque, tiver de ser realizada máis dunha xestión de cobro, será practicada unha liquidación complementaria ao cargo do cedente que conterà:

- Unha comisión por cada xestión de cobro posterior que se efectuar.
- Os xuros desde o día de vencemento sinalado no efecto ata o día de pagamento.

NOTA 8ª.

A comisión cobrarase por cada efecto, alén do resultado da xestión realizada. Esta comisión non será percibida cando a devandita xestión de aceptación vir imposta polo cumprimento do artigo 27 da Lei 19/1985, do 16 de xullo, do Cambio e do Cheque.

NOTA 9ª.

Serán percibidos, en concepto de gastos de correo, os xerados en cada envío, no caso dos puntos 1, 2 e 6.

NOTA 10ª

Nos casos de modificación do vencemento ou data de pagamento, cobrarase unha comisión por cada modificación, ademais das establecidas, segundo corresponda, nos puntos 1 e 2 deste Epígrafe, o 1 %, sobre o importe do efecto, recibo ou certificación, mínimo 12,02 €, para percibir no momento da modificación.

NOTA 11ª

Cando o cliente solicitar o timbrado de efectos, obrigas de pagamento ou recibos, será percibida unha comisión de 0,15 € por documento, para percibir no momento da súa entrega ou na liquidación correspondente.

NOTA 12ª.

En concepto de comisión de estudo, en liñas de desconto ou renovacións percibirase o indicado sobre o límite da liña.

NOTA 13ª.

Este importe ten carácter de único e non de mínimo.

NOTA 14ª.

No seu caso, ademais, serán percibidas as comisións relativas ao servizo complementario de custodia (Epígrafe 10).

Consonte á O. M. do 12 de decembro de 1989 e á Circular 8/1990 do Banco de España, esta tarifa poderá ser modificada previa comunicación ao Banco de España.

epígrafe 2

DEVOLUCIÓN DE EFECTOS FALTOS DE PAGAMENTO OU RECLAMADOS (Tomados en negociación, xestión de cobro ou para a súa compensación).

ESPECIFICACIÓN	COMISIÓN	
	% sobre nominal do efecto	Mínimo por efecto
Devolución de efectos que foron tomados en: 1. Negociación ou desconto comercial ou financeiro 2. Compensación 3. Xestión de cobro	6 6 6	25,00 € 25,00 € 25,00 €
Orde de reintento de cobro de efectos faltos de pagamento (Nota 3.ª)	0,40	9,00 €
Xestión de reclamación de posicións debedoras por falta de pagamento (Epígrafes 7,9, 14, 15 e 18) Nas reclamacións de faltos de pagamento ao cedente, serán repercutidos os gastos adicionais que se xeraren pola intervención de terceiros		Por cada efecto ou anticipo de crédito falto de pagamento, cando se xerar a primeira reclamación por escrito solicitando a regularización da posición debedora, será percibido, por unha soa vez, un importe fixo de 30,00 €.
Xestión de protesto ante Notario		Será percibido ademais o 0,15 %, cun mínimo de 18,00 €, por efecto protestado, independentemente dos gastos notariais, máis os xustificables que en cada caso corresponderen.
Xestión de «Declaración denegatoria de pagamento», efectuada segundo o artigo 51 da Lei do Cambio		Será percibida unha comisión adicional do 0,15 %, cun mínimo de 18,00 € por efecto.

NOTA 1ª.

Nos efectos reclamados anticipadamente, de se ter recibido a reclamación na Entidade 20 ou máis días antes do vencemento, será aplicada a comisión de incidencias do Epígrafe 1. De ser recibida menos de 20 días antes do seu vencemento, será aplicada a comisión de devolución establecida neste Epígrafe

NOTA 2ª.

Os efectos pagados polo librado en Tríodos Bank, unha vez realizada a devolución pola Entidade domiciliaria, despois da xestión por Cámara ou Sistema de Compensación ou remesa para compensar nas prazas onde non existe Cámara, considéranse faltos de pagamento, aos que procede liquidar as comisións deste epígrafe no momento do seu pagamento por parte do librado.

NOTA 3ª.

Nos efectos faltos de pagamento cuxo reembolso polo cedente requiren, a pedido deste, que a Entidade que a teña realice unha xestión de recobro, percibiase esta comisión do cedente por esta xestión.

epígrafe 3

CHEQUES. NEGOCIACIÓN E DEVOLUCIÓN

ESPECIFICACIÓN	COMISIÓN	
	% sobre nominal do cheque ou doutro documento	Mínimo por cheque
1. Emisión de cheque bancario a pedimento do cliente	0,1 %	9 €
2. Desconta cheques propios/fóra	0,25 %	3 €
2. Negociación e compensación (Notas 5. ^a , 7. ^a e 8. ^a)	-	3,01 €
3. Emisión de cheques do propio Banco a cargo do Banco de España, a pedimento do cliente (por cheque)	0,5	18,03 €
4. Cumprimento de conformidade coa «Lei do Cambio» (artigo 110, Cheques conformados)	0,3	6,01 €
5. Devolucións (Notas 3. ^a e 5. ^a)	-	15 €
6. Xestión de solicitude de conformidade ao Banco Librado a instancias do cliente (Notas 2. ^a e 5. ^a)	-	6,01 € por cheque conformado
7. Xestión de protesto ante Notario ou Declaración de falta de pagamento (artigos 146 e 147 da Lei do Cambio e do Cheque) (Notas 5. ^a e 6. ^a)	-	18,00 € por cheque
8. Compensación de cheques non normalizados (Notas 5. ^a e 7. ^a)	-	7 € por cheque

NOTA 1^a.

Considéranse dentro deste epígrafe todos os cheques e obrigas de pagamento de conta corrente e bancarios, e outros documentos análogos tomados, incluso nos casos nos que a praza da sucursal tomadora e a entidade librada compensaren en calquera Sistema de Compensación.

NOTA 2^a.

Máis os gastos do sistema de comunicación utilizado.

NOTA 3^a.

Nos casos de devolución parcial, esta comisión será percibida sobre o importe nominal non pagado.

NOTA 4ª.

Serán percibidos, en concepto de gastos de correo, os xerados en cada envío.

NOTA 5ª.

Este importe ten carácter de único e non de mínimo.

NOTA 6ª.

Máis os gastos notariais e os xustificables que en cada caso corresponderen.

NOTA 7ª.

Serán considerados documentos non normalizados aqueles que levaren adheridas etiquetas e/ou cintas sobre os datos representativos dos mesmos ou sobre outros campos, como o reservado ao importe, ás sinaturas ou ao nome do beneficiario, e cun importe superior a 50.000 €. Estes cheques deberán ser presentados para a súa compensación física e xerarán a comisión prevista no punto 7 deste Epígrafe.

Esta comisión é adicional á do punto 1 (Negociación e compensación) do presente Epígrafe.

NOTA 8ª.

No caso de, como resultado da negociación dalgún cheque, este resultar falto de pagamento, será aplicada, ademais da comisión propia de negociación, a comisión prevista no punto 4 deste Epígrafe.

epígrafe 5

SERVIZOS DE PAGAMENTO: ORDES DAS ENTIDADES EMISORAS PARA CARGO DE DOMICILIACIÓNS, CESIÓN DE RECIBOS E TRIBUTOS DOMICILIADOS E DEVOLUCIÓNS (Tomados para cobro ou compensación).

(CONTÉN TARIFAS DE COMISIÓNS POR SERVIZOS DE PAGAMENTO, POLO QUE NON ESTÁN SUXEITAS Á VERIFICACIÓN DO BANCO DE ESPAÑA)

As tarifas recollidas neste Epígrafe teñen carácter de máximo e aplícanse a todos os clientes (consumidores e non consumidores)

ORDES PARA CARGO DE DOMICILIACIÓNS	Con simple débeda contable (por cada domiciliación)		Confeccionando xustificante da débeda da domiciliación (por cada domiciliación)	
	Comisión		Comisión	
	%	Mínimo	%	Mínimo
Con soporte magnético (1)	0,35	0,95 €	0,35	1,35 €
Sen soporte magnético (relación ou listaxe)	0,35	1,25 €	0,35	3,25 €

(1) Só se admiten cando existe conformidade para a súa recepción en soporte magnético por parte da entidade destinataria final.

CESIÓN FÍSICA DE RECIBOS (2)	Normalizados (por cada recibo)	
	Comisión	
	%	Mínimo
Con soporte magnético (Nota 6. ^a)	0,5	1,50 €
Sen soporte magnético (Nota 6. ^a)	0,5	3,01 €

(2) A entrega polo cedente do soporte magnético ou recibos físicos deberá constar en posesión de Triodos Bank, na forma e no lugar de tratamento convidos segundo modalidade, cunha antelación mínima de cinco días hábiles na data de aboamento en conta, como período necesario para a súa tramitación previa ao cargo ao librado ou presentación a calquera Sistema de Compensación.

DEVOLUCIÓN DE RECIBOS OU ORDRES DE CARGAMENTO	Comisión por cada devolución	
	%	Mínimo
Mediante entrega á entidade emisora de soporte magnético	1	3,00 €
Mediante devolución do recibo orixinal (Nota 5. ^a)	1	6,02 €

NOTA 1^a.

Soamente serán considerados suxeitos a este epígrafe os recibos domiciliados e as ordes para débeda de domiciliacións que reuniren os seguintes requisitos conxuntamente:

1) Coincidencia entre a praza de expedición e a praza de pagamento ou cargo en conta.

No caso de empresas que teñan centralizada a súa facturación enténdese que se produce coincidencia entre a praza expedidora e a praza de pagamento cando o servizo facturado for realizado por establecemento ou instalación propia da empresa facturadora sita na praza de pagamento.

Na facturación correspondente a cotas periódicas de Entidades educativas, culturais, recreativas e profesionais, carentes de ánimo de lucro, non é imprescindible a coincidencia entre a praza de expedición e a praza de pagamento para a súa consideración dentro deste Epígrafe, sempre que se cumpran os restantes requisitos.

2) Pagadoiros á súa presentación.

3) Que correspondan a cotas por servizos ou usos de carácter periódico, librados ao cargo do consumidor ou usuario final.

4) Que conste no propio recibo ou orde de débeda como domicilio de pagamento: a Entidade, Oficina pagadora e número de conta; e exista autorización previa e expresa por parte do debedor, para que estes recibos ou ordes de débeda poidan serlle cargados en conta sen aviso previo.

5) Que non impliquen financiamento ou anticipo de fondos para Triodos Bank, nin desprazamento de valoración.

NOTA 2^a.

En todo caso, xa que se trata de documentos tomados en xestión de cobro, o seu importe nominal será aboado en conta unha vez se consolida a xestión de cobro, ou débeda nas contas libradas.

NOTA 3^a.

Para os efectos desta tarifa, os recibos ou documentos análogos (facturas-recibos, albarás de cobro e certificacións) que corresponderen a transaccións comerciais ou vendas adiadas, serán considerados e quedarán suxeitos aos seus Epígrafes 1 e 2 sobre cobro e devolución de efectos.

NOTA 4^a.

Serán percibidos, en concepto de gastos de correo, os xerados en cada envío.

NOTA 5^a.

Todas as devolucións que deban realizarse de efectos recibidos por soporte ou interconexión, deberán ser necesariamente canalizadas por estes sistemas de intercambio.

NOTA 6^a.

No caso de se producir algunha devolución, como resultado da xestión de cobro nas «Ordes de entidades para cargo de domiciliacións con cesión en soporte magnético» e «Cesións físicas de recibos» seranlles aplicadas, ademais das comisións propias da xestión de cobramento, as comisións previstas no punto «Devolución de recibos ou ordes de cargo» deste Epígrafe.

epígrafe 6

SERVIZOS DE PAGAMENTO: NÓMINAS, TRANSFERENCIAS E OUTRAS ORDES DE PAGAMENTO

(CONTÉN TARIFAS DE COMISIÓNS POR SERVIZOS DE PAGAMENTO, POLO QUE NON ESTÁN SUXEITAS Á VERIFICACIÓN DO BANCO DE ESPAÑA)

As tarifas recollidas neste Epígrafe teñen carácter de máximo e aplícanse a todos os clientes (consumidores e non consumidores)

1. INTRODUCCIÓN

Transferencia é o movemento de fondos ordenado por un cliente (ordenante ou pagador) a favor dun beneficiario. Tamén se considerará bancario o movemento de fondos destinado a «outra entidade» realizado mediante entrega en efectivo.

De se realizar a orde para o pagamento de nóminas ou pensións, esta réxese polo terceiro apartado deste Epígrafe. As transferencias con destino á propia entidade desde a que se ordena son «transferencias internas» (incluídas no apartado cuarto deste Epígrafe) e se, ademais, o ordenante e o beneficiario son a mesma persoa, denomínanse «traspasos».

Outros servizos especiais de movemento de fondos recóllense no apartado quinto deste Epígrafe («Ordes de pagamento en efectivo»).

O ordenante pode instruír que o importe da transferencia, máis os gastos do servizo, se carguen en conta ou ben aboalos en efectivo.

As instrucións do ordenante pódense tramitar en soporte papel nunha oficina da entidade, mediante soporte magnético ou transmisión electrónica como autoservizo, ou a través da banca telefónica.

O cliente ordenante debe indicar os datos mínimos necesarios para cumprir a súa orde, así como o grao de urxencia da emisión. As transferencias emítense con condición de prezo compartido (share), é dicir, o ordenante soporta os prezos de emisión da súa entidade e o beneficiario os prezos de recepción da súa.

Os prezos indicados para o ordenante ou o beneficiario aplícanse sempre que a súa modalidade de contrato non inclúa entre as súas condicións un número concreto destas operacións nin un prezo inferior do servizo específico (Agrupación de Servizos).

As taxas de cambio aplicables nas transferencias que tiver de aboar en divisa distinta daquela da débeda do cliente (ou

en divisa distinta da recibida) serán, ben os publicados diariamente por Triodos Bank para importes que non excederen de 3.000 € ou cantidade equivalente, ben os fixados por Triodos Bank atendendo ás cotizacións de mercado, todo isto referido ao cambio de venda na data de acepta-

ción da transferencia (ou ao cambio de compra na data de aboamento).

Para que sexa aplicable a tarifa de soporte magnético, o número mínimo de ordes que debe conter cada soporte é 10.

2. TRANSFERENCIAS

TRANSFERENCIAS EMITIDAS	Comisión por trámite de transferencia		
	%	Mínimo	Máximo
Transferencia Normal (con cargo en conta) 1. En oficina, Banca telefónica ou correo postal			
- Orde individual	-	1 €	5 €
- Orde en transmisión ou soporte magnético	-	2,75 €	100 €
En Banca Internet ou Banca Móbil			
- Orde individual	-	0 €	3 €
- Orde en transmisión ou soporte magnético	-	0 €	3 €
Transferencia periódica (independentemente da canle)	-	1€	5 €
Transferencia urgente (para aboar no mesmo día, con cargo en conta) (1)			
- Orde individual	-	30 €	100 €
- Orde en transmisión ou soporte magnético	-	30 €	100 €

(1) É aquela transferencia na que, utilizando procedementos especiais, as entidades intervinientes garanten que os fondos quedan aboados na mesma data de cargo, para o que se require a tramitación da orde de forma automática. Debe ter as características que permitan o tratamento automatizado, é dicir, ambas as contas de cargo e aboamento deben estar identificadas co BIC e IBAN completo e válido.

TRANSFERENCIAS RECIBIDAS	Comisión por trámite da transferencia		
	%	Mínimo	Máximo
Transferencia normal (con aboamento en conta)	0,10	1 €	5 €
Transferencia urgente (para aboar no mesmo día)	0,15	1 €	5 €

CONCEPTOS COMPLEMENTARIOS	Comisión por trámite da transferencia	
	%	Mínimo
Transferencias emitidas con datos insuficientes ou incorrectos (requírese que figure o BIC ou IBAN completo e válido da conta do ordenante e do beneficiario e o seu nome ou razón social), será percibida a comisión adicional indicada, sempre que, tras ser aceptada pola entidade a realización da operación e indicar ao cliente o cargo que suporía a súa execución, este se ratifique en solicitar a emisión da transferencia.	0,10	6 €
Localización de datos Cando o nome do beneficiario non figure como titular ou autorizado na conta indicada polo ordenante, ou o CCC ou o IBAN recibido non exista ou sexa erróneo, será percibida unha comisión adicional sempre que, tras ser aceptada pola entidade da operación e indicar ao beneficiario o cargo que suporía, este se ratifique en solicitar a execución da transferencia; en caso contrario, procederase á devolución.	0,30	10 € (máximo 150 €)
Por cumprimento de instrucións especiais (só ordinarias e ordes de pagamento) Cando o ordenante instrúe que se realicen accións especiais de aviso, contacto ou comunicacións especiais co beneficiario, que impida o tratamento automático da operación.	-	20 €
Por cambio de moeda Cando a conta de débeda for en moeda distinta do euro	0,10	10 €
Xustificantes Solicitud de custo proba por documento	3 € + sellos de acordo coas taxas actuais	
Anulación, modificación ou devolución de transferencias Este servizo cobre calquera xestión ordenada polo cliente para anular, modificar ou intentar retroceder calquera orde de transferencia xa executada. O prezo percíbese incluso se as xestións resultasen infrutuosas por causas non imputables á entidade	0,10	36 €
Servizo telefónico Por cada operación de servizo telefónico con operador físico (esta comisión é adicional á que poida implicar a operación)	-	0,00 € por operación
Comisión por servizo de recepción e aplicación de xiros realizados a través de Correos. Repercusión dos gastos do xiro que inicia o servizo que cobra Correos + o importe da comisión que cobra Triodos Bank pola recepción de xiros globais e a súa distribución e aplicación a contas de destino.	-	2 €

3. NÓMINAS E PENSÍONS

EMISIÓN DE ORDES DE PAGAMENTO DE NÓMINAS E PENSÍONS	Comisión por cada operación	
	%	Mínimo
Orde de pagamento en soporte magnético		
a) Aboamento en conta		
a.1) Sobre da propia entidade	-	-
a.2) Sobre doutras entidades	0,04	0,90 €
b) Confección de Cheque-Nómina	0,08	1,50 €
Orde de pagamento en relación ou listaxe		
a) Aboamento en conta		
a.1) Sobre da propia entidade	-	-
a.2) Sobre doutras entidades	0,05	0,90 €
b) Confección de Cheque-Nómina	0,10	2,40 €

Nota: No caso da Empresa solicitar que o Banco expida aviso de aboamento en conta, serán cargados, ademais, 0,30 € de comisión e repercutidos os gastos de correo orixinados por cada aboamento en conta.

RECEPCIÓN DE ORDES DE PAGAMENTOS DE NÓMINAS OU PENSÍONS	Comisión por trámite de transferencia		
	%	Mínimo	Máximo
Transferencia tipo Nómina ou Pensión (con aboamento en conta)	-	-	-

4. TRANSFERENCIAS INTERNAS

TRANSFERENCIAS ENTRE CONTAS DA PROPIA ENTIDADE	%	Mínimo	Máximo
Traspaso entre contas do mesmo ordenante			
1. En oficina, Banca telefónica ou correo postal	-	1 €	5 €
2. En Banca Internet ou Banca Móbil	-	0 €	0 €
Transferencias a terceiros entre contas da propia entidade			
1. En oficina, Banca telefónica ou correo postal	-	1 €	5 €
2. En Banca Internet ou Banca Móbil	-	0 €	3 €

NOTA 1ª

Aviso de aboamento de nóminas

Nos pagamentos de Nóminas mediante aboamento en conta, Triodos Bank non remitirá ao beneficiario aviso do aboamento, pois este terá sido avisado previa e explicitamente na follla de liquidación individual de haberes, que remitirá a Empresa ao perceptor. Da empresa ter solicitado que Triodos Bank

expida aviso de aboamento en conta, serán cargados, ademais, 0,07 € e a tarifa postal vixente por cada aboamento en conta.

NOTA 2ª

Xustificación dos importes da nómina

Triodos Bank non tratará nin manipulará ningún documento interno das Empresas xustificativo dos importes aboados por nómina.

NOTA 3ª

Data da orde

Nos casos nos que na orde dada polo cliente non foren conformes as sinaturas ou non haber saldo suficiente na conta de débeda, será considerada como «data da orde» a data na que poida ser executada unha vez cumprimentado o requisito que faltar.

Para evitar as demoras que puideren orixinarse no pagamento de nóminas, a Empresa ordenante deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Fondos dispoñibles suficientes e comprobados nas súas contas.
- Entrega da «orde de aboamento» cunha antelación respecto da data de pagamento de:
 - En soporte magnético 5 días hábiles
 - En listaxe ou relación manual 8 días hábiles

NOTA 4ª

Anulación, modificación ou retrocesión

Este servizo cobre calquera xestión ordenada polo cliente para anular, modificar ou intentar retroceder calquera orde de transferencia xa executada.

O prezo será percibido incluso se as xestións resultasen infrutuosas por causas non imputables á entidade.

NOTA 5ª

Gastos adicionais

Nas operacións urxentes, ademais da comisión e correo, serán percibidos os gastos de teléfono, telégrafo, fax, télex ou sistema de comunicación utilizado.

epígrafe 7

SERVIZOS DE PAGAMENTO: CONTAS CORRENTES, DE AFORRO.

(CONTÉ TARIFES DE COMISSIONS PER SERVEIS DE PAGAMENT PER LA QUAL COSA NO ESTAN SUBJECTES A VERIFICACIÓ PEL BANC D'ESPANYA)

As tarifas recollidas neste Epígrafe teñen carácter de máximo e aplícanse a todos os clientes (consumidores e non consumidores)

ESPECIFICACIÓN	Comisión
1 - Mantemento de contas 1.1 Contas correntes particulares 1.2 Contas correntes negocios 1.3 Contas de aforro	3 €/mes (liquidación trimestral) 3 €/mes (liquidación trimestral) 0 €
2- Comisión de administración	0 €
3- Xestión da retrocesión de operacións indebidas por non cancelar ordes de domiciliación ou por desconformidade co importe	3,01 €/ por retrocesión
4- Conformidade escrita de cheques sobre o propio documento. Por cumprimento da conformidade, segundo o artigo 110 da Lei do Cambio	0,3 % Mín. 6,01 € por cheque conformado
5- Ordes de falta de pagamento e bloqueo (Nota 1. ^a)	1,5 € por orde
6- Fotocopias de cheques endebedados (Nota 2. ^a)	4,00 € por cheque
7- Fotocopias de letras endebedadas (Nota 2. ^a)	4,00 € por letra
8- Talonarios de cheques/obrigas de pagamento	3 € + sellos de acordo coas taxas actuais
9.1- Extractos á petición do cliente. Extractos adicionais por períodos sobre movementos de contas (conta corrente, tarxeta de débito ou de crédito e similares): - Ano actual - Anos anteriores Extractos periódicos sobre movementos de contas, con periodicidade inferior a un mes.	6,00 € por mes ou fracción 12,00 € por ano ou fracción 3,00 € por extracto

ESPECIFICACIÓN	Comisión
9.2- Informacións diversas a clientes.	
9.2.1- Con carácter xeral e periódico	Exento
9.2.2- Certificados expedidos á petición do cliente:	40,00 €
a) De saldo actual dun produto de activo ou pasivo ou unha única operación de aboamento ou débeda	
b) De operacións con garantía hipotecaria nas que se consignen os datos actuais do rexistro do soar hipotecado, previa comprobación destes no Rexistro da Propiedade (comisión por soar).	
c) Outros certificados	
9.2.3- Certificación de débeda pendente de empréstito (Nota 3. ^a)	40,00 €
9.2.4- Certificados para Empresas de Auditoría	
Por cada bloque de información que se solicita directamente á orde do noso cliente, segundo os seguintes bloques:	
a) Contas correntes e depósitos a prazo	40,00 €
b) Créditos, empréstitos e avais	40,00 €
c) Carteira de efectos	40,00 €
d) Operacións de valores	40,00 €
e) Operacións do estranxeiro	40,00 €
f) Varios	40,00 €
9.2.5- Calquera outra petición de información, cando for posible obtela	40,00 €
10- Gastos asociados á resolución do contrato (só para contratos con duración inferior a 12 meses)	12,00 €
11. Volver aforro regular	3€ + IVA

NOTA 1^a.**Ordres de falta de pagamento e bloqueo.**

No caso de cheques, unicamente se percibirá a partir de 15 días da data de emisión, excepto no caso de roubo ou extravío xustificado documentalmente, de acordo cos prazos e condicións establecidos respectivamente nos artigos 135 e 138 da Lei do Cambio e do Cheque.

NOTA 2^a.**Fotocopias.**

Unicamente se percibirá cando, ademais de responder á solicitude de fotocopias de

operacións correctamente cargadas, se teña facilitado previamente ao cliente a documentación necesaria para poder verificar esas operacións.

NOTA 3^a.

Non se percibirá esta comisión pola expedición de «certificados de saldo cero», nin naqueles casos nos que a certificación se realice en cumprimento dalgún precepto normativo.

epígrafe 9

SERVIZOS DE PAGAMENTO: TARXETAS E UTILIZACIÓN DE CAIXEIROS

(CONTÉN TARIFAS DE COMISIÓNS POR SERVIZOS DE PAGAMENTO, POLO QUE NON ESTÁN SUXEITAS Á VERIFICACIÓN DO BANCO DE ESPAÑA)

As tarifas recollidas neste Epígrafe teñen carácter de máximo e aplícanse a todos os clientes (consumidores e non consumidores)

As condicións que se especifican neste epígrafe serán aplicadas ás operacións con tarxetas, calquera que for a marca, en función da modalidade de uso das mesmas:

A - TARXETA DE CRÉDITO (aos titulares das tarxetas)

1- Cota anual por tarxeta, por emisión ou renovación e mantemento (Nota 1ª)	TITULAR	ADICIONAL
1.1- Tarxetas ordinarias	34,00 €	34,00 €
1.2- Tarxetas de empresa	34,00 €	34,00 €

2- Disposición de efectivo (en portelo) a crédito:	COMISIÓN
2.1- En oficinas en España doutras entidades de crédito nacionais ou no estranxeiro	4,00% mín. 3,00 €

3- Disposicións en caixeiros automáticos	Rede propia / Outras redes nacionais	Países da UE en euros	Países da UE non euros	Redes no estranxeiro non UE
Operacións a débito: - Comisión - Mínimo	Servizo non dispoñible	Servizo non dispoñible	Servizo non dispoñible	Servizo non dispoñible
Operacións a crédito: - Comisión - Mínimo	Como máximo a comisión establecida pola entidade propietaria do caixeiro máis o 2 %, cun mínimo de 3 €.	5% min 4€	4% min 3€	5% min 4€
Operacións de consulta	Como máximo a comisión establecida pola entidade	Como máximo a comisión establecida pola entidade + 1€		

4- Traspaso de fondos (operacións a crédito) (Nota 2ª)	COMISIÓN
4.1- A conta persoal do propio banco	3,00% min 3,00€

5- Comisión por amortización anticipada en tarxetas con pagamento adiado (Notas 3ª e 4ª)	COMISIÓN
5.1- Amortización parcial	0% do saldo amortizado
5.2- Amortización total	0% do saldo amortizado

B- TARXETA DE DÉBITO

1- Cota anual por tarxeta, por emisión ou renovación e mantemento	TITULAR	ADICIONAL
1.1- Tarxetas de débito xenéricas	24,00 €	24,00 €

2- Disposición de efectivo (en portelo) a débito	COMISIÓN
2.1- En oficinas en España doutras entidades de crédito nacionais ou no estranxeiro	4,25% mín. 3,50 €

3- Disposicións en caixeiros automáticos (Nota 5ª)	Rede propia	Outras redes nacionais	Países da UE en euros	Países da UE non euros	Redes no estranxeiro non UE
Operacións a débito: - Comisión - Mínimo	0,00 €	Como máximo la comisión establecida por la entidad propietaria del cajero.	4,50 % 4,00 €	4,50 % 3,50 €	5,50 % 5,00 €
Operacións de consulta	0,00 €		Como máximo la comisión establecida por la entidad propietaria del cajero + 1€	Como máximo la comisión establecida por la entidad propietaria del cajero + 1€	Como máximo la comisión establecida por la entidad propietaria del cajero + 1€

C- OUTROS SERVIZOS

1- Duplicados de tarxeta (Nota 6ª)	5 €
2- Envío de tarxeta ao domicilio	3,00 € por tarxeta
3- Petición de fotocopias de facturas (Nota 7ª)	4,50 € por petición
4- Consulta de información financeira de Triodos Bank desde caixeiro doutra entidade nacional ou internacional	Como máximo a comisión establecida pola entidade propietaria do caixeiro
Por cambio de divisa (sobre o importe que resulte do contravalor en euros das transaccións en divisas segundo o cambio obtido polos Sistemas de Pagamento na data na que practiquen a liquidación correspondente)	3% do importe Mínimo 3,00 €

D- COMERCIOS

1- Desconto ou comisión	Aplicaranse as condicións pactadas en cada contrato de afiliación de establecementos aos sistemas de pagamento.
2- Servizo Terminal Punto de Venda (TPV) (Nota 8ª)	
2.1 - Instalación do TPV	150,00 €
2.2 - Mantemento, atención telefónica de incidencias e reparación de avarías	50,00 € mes
2.2.1 - Terminal móbil (GPRS ou outros)	
2.2.2 - Outros Terminais Punto de Venda:	
2.2.2.1 - Importe de facturación / mes / TPV igual ou superior a 300,00 €	50,00 €/ mes y TPV
2.2.2.2 - Importe de facturación / mes / TPV inferior a 300,00 €	50,00 €/ mes e TPV
2.3- Extractos operacións de comercios, á petición do cliente, adicional á información facilitada a través de canles electrónicas (percibirase sempre que non teña como finalidade a resolución de incidencias)	3,00 € por extracto
2.4 Comisión ausente TPV	
2.4.1-TPV Física	90 € / cuarto
2.4.2-TPV Virtua	35 € / cuarto

E- COMERCIO ELECTRÓNICO

Certificado SET (Transacción Electrónica Segura) (Nota 9ª)	COMISIÓN
1.1- Certificado de tarxeta para comercio electrónico	6,00 € por ano
1.2- Certificado de comercio para comercio electrónico	6,00 € por mes

NOTA 1ª.

Cotas anuais por tarxetas

As cotas serán percibidas anualmente, con carácter anticipado.

NOTA 2ª.

Traspaso de fondos

Cobrarase a comisión ao Titular que orixine a transferencia.

NOTA 3ª.

Pagamento adiado

Pagamento adiado: é un servizo que se ofrece aos titulares das tarxetas de crédito consistente na posibilidade de adiar o pagamento realizado coa tarxeta, satisfacendo o seu

importe en cotas mensuais a un prazo e unha taxa de xuro que se recolle no contrato que se formalice co cliente.

Consonte o artigo 30.2 da Lei 16/2011, do 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo, no caso de reembolso anticipado do crédito, o prestamista terá dereito a unha compensación, polos posibles custos derivados do reembolso anticipado do crédito (sempre que o reembolso anticipado se produza dentro dun período no que a taxa debedora sexa fixa). Esta compensación, para os consumidores, non poderá ser superior ao 1 % do importe do crédito reembolsado anticipadamente de ser o período restante entre o reembolso anticipado e a terminación acordada do contrato de crédito superior a un ano. Se o período non

supera un ano, a compensación non poderá ser superior ao 0,5 % do importe do crédito reembolsado anticipadamente.

NOTA 4ª.

Comisión por amortización anticipada en tarxetas con pagamento adiado
Cobrarase esta comisión no suposto de que o cliente decida cancelar anticipadamente, pagando o importe das cotas pendentes antes do seu vencemento. Unicamente se devindicará a comisión sobre o importe das cotas pendentes de pagamento, con exclusión dos xuros pendentes. No caso dunha amortización parcial, unicamente se devindicará a comisión sobre o importe das cotas cuxo pagamento se anticipa (e non sobre o total das cotas pendentes).

Consonte o artigo 30.2 da Lei 16/2011, do 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo, no caso de reembolso anticipado do crédito, o prestamista terá dereito a unha compensación, polos posibles custos derivados do reembolso anticipado do crédito (sempre que o reembolso anticipado se produza dentro dun período no que a taxa debedora sexa fixa).

Esta compensación, para os consumidores, non poderá ser superior ao 1 % do importe do crédito reembolsado anticipadamente de ser o período restante entre o reembolso anticipado e a terminación acordada do contrato de crédito superior a un ano. Se o período non supera un ano, a compensación non poderá ser superior ao 0,5 % do importe do crédito reembolsado anticipadamente.

NOTA 5ª.

En aplicación da Disposición Adicional Segunda da Lei 16/2009 de Servizos de Pagamento, introducida polo Real Decreto Lei 11/2015, o importe desta comisión nunca será superior ao cargo que efectuara a Triodos Bank NV, Sucursal en España, a entidade propietaria do caixeiro utilizado polo cliente para a dispo-

ción de efectivo a débito.

NOTA 6ª.

Duplicados de tarxeta
A comisión por emisión de duplicado será percibida nos supostos nos que a causa da emisión for atribuíble ao cliente.

NOTA 7ª.

Petición de fotocopias de facturas Unicamente será percibida cando, ademais de responder á solicitude de fotocopias de operacións correctamente cargadas, se teña facilitado previamente ao cliente a documentación necesaria para poder verificar esas operacións.

NOTA 8ª.

Servizo Terminal Punto de Venda (TPV)
Instalación do terminal no domicilio do cliente, mantemento, atención telefónica de incidencias e reparación en caso de avarías.

NOTA 9ª.

Certificado SET
Emisión ou renovación e mantemento do certificado dixital necesario para a realización do comercio electrónico.

epígrafe 13

SERVIZOS PRESTADOS DIVERSOS

ESPECIFICACIÓN	Comisións
1- XESTIÓNS BANCARIAS DIVERSAS (Nota 1.^a) Por cada xestión na constitución ou na cancelación de operacións, cando non correspondan a unha obriga contractual previa por parte da nosa entidade. Pola xestión realizada ante un organismo oficial por trámite documental que corresponda efectuar ao cliente e a solicitude do mesmo.	24,00 € por xestión realizada 12,00 € por xestión realizada
2- XESTIÓN POR DEVOLUCIÓN DE IMPOSTOS Xestión por devolución de impostos a non residentes	4 % sobre o importe do imposto para devolver máis 1,50 € por documento
3- ENTREGAS VARIAS A DOMICILIO 3.1- Entrega de talonario a domicilio (a pedimento do cliente) 3.2- Por outras entregas non en diñeiro efectuadas a pedimento do cliente)	4,00 € por talonario entregado 6,00 € por entrega
4- EMISIÓN DE OFERTA VINCULANTE Será percibida dunha vez soa no momento de entregar a oferta vinculante solicitada polo cliente. (Nota 2. ^a)	3%
5- CONTROL DE VIVENCIA Servizo de control de vivencia do beneficiario dunha prestación periódica xerada por un contrato de seguro privado (que será percibida da entidade que solicita este control).	6,00 € por cada control e beneficiario

NOTA 1.^a.

Enténdense por Xestións Bancarias Diversas as xestións típicas bancarias realizadas perante organismos públicos ou privados por instrucións do cliente e cuxa característica común é o necesario desprazamento do persoal do banco, frecuentemente de apoderados.

A título de exemplo cítanse as seguintes:

- Depósitos, fianzas e avais en garantía de execución de obras e créditos.
- Toma de razón de endosos.
- Requirimentos de pagamento feitos por notarios sobre efectos protestados e avalados.

Esta comisión non poderá aplicarse no caso do desprazamento tiver como obxecto o asi-

namento de escrituras ou ser necesario para o perfeccionamento da operación, e naqueles casos nos que constituiren unha obriga contractual da Entidade.

NOTA 2.^a.

Esta comisión non será aplicada no caso da oferta vinculante ser de expedición obrigatoria (caso da Lei 9/1994, sobre subrogación e modificación de empréstitos hipotecarios, da Lei 7/1995, de crédito ao consumo, e da Orde do 5 de maio de 1994, sobre transparencia das condicións financeiras dos empréstitos hipotecarios). O importe desta comisión será deducido das comisións que se percibiren por formalización da operación, no caso desta se producir.

epígrafe 14

AVAIS E OUTRAS GARANTÍAS

AVAIS	Comisión					
	Por estudo (Nota 6.ª)		Por formalización		Per risc (trimestre o fracción)	
	%	Mínimo	%	Mínimo	% / importe aval	Mínimo
Avais previos	2.	60,00 €	2.	60,00 €	1	60,00 €
Avais técnicos	2.	60,00 €	2.	60,00 €	1	60,00 €
Avais económicos comerciais Ata 1 ano A máis de 1 ano	2 2	60,00€ 60,00€	2 2	60,00€ 60,00€	1 1,50	60,00€ 60,00€
Avais económicos financeiros - Ata 1 ano - A máis de 1 ano	2 2	60,00€ 60,00€	2 2	60,00€ 60,00€	1 1,50	60,00€ 60,00€

ESPECIFICACIÓN	Comisión
Modificación de condicións ou garantías	2 % sobre o importe avalado ou límite vixente da operación. Mínimo 300,51 €
Xestión de reclamación de faltas de pagamento e descubertos (Epígrafes 2, 7 e 15) Cobrarase una soa vez (malia o descuberto se prolongar en máis dun período de liquidación e a conta non variar de signo) por cada rúbrica, sempre que a reclamación se teña producido efectivamente. Nas reclamacións de faltas de pagamento, repercutiranse ao cliente os gastos adicionais xerados pola intervención de terceiros.	30,00 €
Comisión trimestral de dispoñibilidade sobre o risco medio non utilizado (Nota 9.ª)	1 % trimestral

NOTA 1ª.

